




XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación
e Universidade

Avda. María Victoria Moreno 43 - 8º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805903 Fax: 986 805937
xefatura.territorial.pontevedra@edu.xunta.es



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE E O CONCELLO DE CAMBADOS PARA A FINALIZACIÓN DAS
OBRAS DE INSTALACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NO CEIP SAN TOMÉ
(CAMBADOS)**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xefe territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Universidade
DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar co Concello de Cambados o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue ata o 30.04.2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto **finalizar a execución das obras de acondicionamento dos espazos necesarios para o establecemento do servizo de comedor escolar do CEIP San Tomé**, iniciadas ao abeiro do convenio asinado o 29.09.2020 e extinguido o 31.12.2020 por finalización do prazo de vixencia

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- O establecemento do servizo de comedor escolar no CEIP San Tomé (Cambados) para dar resposta ás demandas da comunidade educativa require a habilitación dos espazos necesarios nas condicións que permitan destinalos ao referido servizo. Con esta finalidade, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Cambados asinaron o 29.09.2020 un convenio de colaboración que se extinguiu o 31.12.2020 ao finalizar o seu período de vixencia sen que tivesen rematado as obras previstas nel.






XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación
e Universidade

Avda. María Victoria Moreno 43 - 8º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805903 Fax: 986 805937
xefatura.territorial.pontevedra@edu.xunta.es



- O Concello de Cambados non prestou a súa conformidade á sinatura da addenda proposta pola Consellería ao abeiro da cláusula sétima do convenio para prorrogar a súa vixencia.
- Resulta de evidente interese público garantir a continuidade do contrato perfeccionado ao abeiro do referido convenio e permitir así finalizar a execución das obras contratadas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da *Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria en Pontevedra

